

Tema 1. As paisaxes cambiantes

As costas españolas

- Costas altas: onde as montañas chegan ata o mar (litoral cantábrico e atlántico)
- Costas baixas: onde hai chairas, marismas.. (sobre todo no Mediterráneo)




Rios e vertentes de España

Hidrosfera: conxunto de tódalas augas do planeta: mares, ríos, lagos, humedais...

Río: corrente continua de auga que vai desembocar noutro río, lago ou mar.

Conca hidrográfica: É o **territorio que drena** as súas **augas naturais a un río principal** que as conduce ata o mar. Están **separadas por** divisorias de augas formadas polo cumios das montañas que as delimitan.

Vertente: as concas hidrográficas que verten as súas augas nun mesmo mar ou océano forman unha vertente. En España hai tres.



Características dos ríos peninsulares

Ríos da vertente cantábrica: curtos e caudalosos.

Ríos da vertente atlántica: longos (salvo os galegos). A maioría nacen en relevos preto do Mediterráneo, pero a inclinación da meseta cara o Atlántico explica que desenboquen nel. Son caudalosos (moitos afluentes) e irregulares.

Ríos da vertente mediterránea: agás o Ebro, son curtos, pouco caudalosos e irregulares. Forte estiaxe no verán e crecidas en outono.

Nos arquipélagos non hai ríos como na península, a maioría son intermitentes (torrents e barrancos).





Rios da vertente
atlântica

Rios da vertente mediterrânea



Barrancos

<https://www.levante-emv.com/videos/lhorta/2024/10/30/ahora-barranco-torrent-110885577.html>

<https://youtu.be/5HUIDy36jn4>




Vertente mediterránea



Vertente cantábrica




Vertente atlántica



km 0 200 400 600 800 1000 1200

■ España ■ augas internacionais ■ Portugal



Disimetría das vertentes

Disimetría: 69% Atlántico, 31% Mediteráneo

Meseta inclinada cara oeste a partir do sistema



Ríos que tedes que coñecer

Ríos de España:


1. Río Ebro
2. Río Guadalquivir
3. Río Douro
4. Río Pisuerga
5. Río Texo
6. Río Guadalete
7. Río Miño
8. Río Segura
9. Río Bidasoa
10. Río Xúquer

Ríos de Galicia:

1. Río Miño
2. Río Sil
3. Río Umia
4. Río Ulla
5. Río Lérez
6. Río
Tambre
7. Río
Verdugo
8. Río Navia
9. Río Eume

Diversidade de climas → diversidade de paisaxes

Paisaxe: é o aspecto que adopta un territorio segundo os **elementos naturais** e **humanos**.



Paisaxe natural vs paisaxe humanizada

Paisaxe natural: non modificada polo home

Paisaxe selvática



Fragas do Eume: un dos bosques atlánticos
mellor conservados de Europa



Paisaxe humanizada: modificada polo ser humano



Paisaxe rural vs pasaxe urbano

Nas paisaxes humanizadas distinguimos entre: paisaxes rurales vs urbanas



Que tipo de paisaxe é?













En España, debido a su diversidad climática
atopamos también paisajes muy diversos,
en los que intervienen otros factores como
la latitud, la orografía, o la proximidad del mar

<https://youtu.be/yHjQIWjNXK4>



Que problemas e retos medioambientais ten España?

- **Que riscos naturais coñeces?**
- **Crede que xa se está a manifestar o cambio climático en España?**
- **Que consecuencias teñen para a poboación?**

<https://youtu.be/1xWrpLnGYfs>

[Cambio climático | El impacto en España](#)

Espazos naturais

Por que son protexidos estos espazos?

1. Por ser ter especial interese biolóxico, xeolóxico... paisaxes únicos
2. Por ser un espazo fráxil que precisa ser protexido da acción do ser humano
3. Para conservar a súa biodiversidade

Tipos:

Parques Naturais

Reservas Naturais

Áreas Mariñas

Paisaxes protexidas e monumentos naturais

<https://youtu.be/liYlcGHeCv8>

https://youtu.be/zSiLc_AACIQ



España, líder europeo en biodiversidade

- España é **o país con maior biodiversidade de Europa** e un dos máis ricos do mundo: acolle **máis de 85.000 especies** entre animais, plantas e fungos → variedade de climas (atlántico, mediterráneo, desértico, alpino...) e relevo diverso.

Máis do 30% do territorio está protexido

- Aproximadamente **o 30% do territorio español** está incluído na **Rede Natura 2000**, unha das redes de conservación máis extensas do planeta.

Alguns foron **declarados Patrimonio Mundial pola UNESCO** coma o Parque Nacional de Doñana, Pireneos – Monte Perdido ou Eivisa (biodiversidade e cultura).



Ten 16 Parques Naturais (o máis visitado o do Teide)

Conta con espazos protexidos únicos no mundo:

- **Doñana** combina marismas, dunas e bosques nun ecosistema case irrepetible.
- **As Táboas de Daimiel** son un dos últimos humidais interiores de Europa.
- **Garajonay (A Gomera)** conserva un bosque de laurisilva, unha xoia do Terciario desaparecida en case todo o planeta.



É fogar de especies en perigo:

- Como o **lince ibérico**, o **oso pardo cantábrico**, a **águia imperial ibérica** ou o **quebrantahuesos**.
- Grazas á protección, o **lince ibérico** pasou de estar ao bordo da extinción (menos de 100 exemplares en 2002) a superar **os 2.000 exemplares en liberdade** no 2025.
É un paraíso ornitológico

É fogar de máis de **650 especies de aves**, moitas delas migratorias:

- Parques como **Doñana (Andalucía)** son esenciais para o descanso das aves que cruzan África cara Europa.
- **Monfragüe (Extremadura)** é un dos mellores lugares para ver voitres leonados.



Patrimonio natural e cultural

- Moitos parques combinan **valores naturais e humanos**: aldeas tradicionais, pastoreo, agricultura sostible ou arquitectura popular.
- Exemplo: en **Serra Nevada**, conviven especies de alta montaña con antigos sistemas de rego mouriscos (acequias).

Climas extremos dentro do mesmo país

- Nos espazos protexidos españois podes atopar:
 - **O deserto de Tabernas (Almería)**, o único deserto de Europa.
 - **Os Pireneos nevados**, con glaciares no Parque Nacional de Ordesa.
 - **Bosques tropicais** nas Canarias (Garajonay, Anaga).
 - **Altiplanos esteparios** como os Monegres ou A Mancha Húmda.



Reserva da biosfera. Que é?

Zonas recoñecidas pola **UNESCO** onde se intenta **protexer a natureza** e, ao mesmo tempo, **permitir que as persoas vivan e traballen de forma sostible**.

O seu obxectivo é **buscar un equilibrio** entre o coidado dos ecosistemas e o **desenvolvemento das comunidades locais**.

A diferenza dos **parques nacionais**, nas reservas da biosfera **si pode haber xente vivindo**, sempre que as súas actividades **respecten o medio ambiente** e axuden a **conservar a biodiversidade**.

España é un dos países con máis reservas da biosfera no mundo: **53 (2025)** repartidas por todo o territorio.

Galicia

- Terras do Miño (Lugo)
 - Río Eo, Ocos e Terras de Burón (compartida con Asturias)
 - Área de Allariz (Ourense)
 - As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (A Coruña)
- 
- Guerés-Xures (entre o **Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés** (Ourense) e o **Parque Nacional da Peneda-Gerês** (norte de Portugal)).

Patrimonio natural e cultural

- Moitos parques combinan **valores naturais e humanos**: aldeas tradicionais, pastoreo, agricultura sostible ou arquitectura popular.
- Exemplo: en **Serra Nevada**, conviven especies de alta montaña con antigos sistemas de rego mouriscos (acequias).

España e a UNESCO

- España ten **53 lugares declarados Patrimonio Mundial**, dos cales varios son **espazos naturais**:
 - Parque Nacional de Doñana
 - Parque Nacional de Garajonay
 - Pireneos – Monte Perdido
 - Eivisa, biodiversidade e cultura

Climas extremos dentro do mesmo país

- Nos espazos protexidos españois podes atopar:
 - **O deserto de Tabernas (Almería)**, o único deserto de Europa.
 - **Os Pireneos nevados**, con glaciares no Parque Nacional de Ordesa.
 - **Bosques tropicais** nas Canarias (Garajonay, Anaga).
 - **Altiplanos esteparios** como os Monegres ou A Mancha Húmda.

Tema 2. Construindo Europa. A organización política dos Estados.

Que é e que funcións ten un Estado?

Como se gobernan os Estados?

Como se goberna o Estado español?

Qué é a Unión Europea e que funcións ten?


O ESTADO

Que é un estado?

Que é un país?

Que é unha nación?

Que é unha patria?





1 Estado

👉 É unha **estrutura política e administrativa** que goberna un territorio (organiza a vida dun país). Ten tres elementos básicos:

- **Poboación**
- **Territorio**
- **Goberno soberano** (que fai leis e as aplica)

➡ Exemplos:

- O **Estado español** é unha entidade política recoñecida internacionalmente.
- **Francia** ou **Portugal** tamén son Estados..

2 Nación

👉 É unha **comunidade de identidade, que comparte elementos culturais, históricos e identitarios comúns**: lingua, tradicións, historia, sentimento de pertenza... Non ten que necesariamente ser un estado.

➡ Exemplos:

- O **pobo galego** pode considerarse unha **nación cultural** dentro de España.
- **Escocia**, tamén se define como nación, aínda que non sexa un Estados independente.

❤️ 4 Patria

👉 É un termo **emocional e simbólico**. Refírese ao **lugar co que unha persoa sente un vínculo afectivo**, normalmente o lugar de nacemento. 'É **a terra que se ama ou se considera propia**, non necesariamente un Estado nin unha nación política.

➡ Exemplos:

- Para un galego, **Galicia pode ser a súa patria**. Para outro, pode selo **España**, segundo o seu sentimento de pertenza.

3 País

👉 Refírese a un **territorio delimitado politicamente**, normalmente equivalente a un Estado, pero pode ter un uso máis flexible: pode referirse tanto a un **territorio político (Estado)** como a un **territorio cultural ou rexión**.

➡ Exemplos:

- Dicimos “o noso país” para referirnos a España. Tamén dicimos “Galicia é un país con moita historia”, nun sentido **cultural**, non político.

O Estado

É unha **ESTRUTURA** política e administrativa que goberna un territorio. Tres elementos:

1. Territorio sobre o que exerce o seu poder (incluído o subsolo, espazo aéreo e marítimo)
2. Poboación: constitúe a cidadanía e posúe a nacionalidade, con capacidade política (elixe aos seus representantes, normalmente a través de eleccións)
3. Soberanía: é a autoridade que posúe o Estado dentro das súas fronteiras.

Estado e goberno non son o mesmo: o goberno é un órgano que se encarga de administrar o Estado.

FUNCIÓNS DO ESTADO

O Estado ten **un conxunto de funcións**:

- Defender o territorio e a cidadanía (**defensa**)
- Xestionar a economía (**función económica**)
- Prestar servizos públicos (**función social**)
- Representar o país no exterior (**función diplomática**)

Estas funcións organizanse en tres poderes, que se reparten para evitar abusos e garantir a democracia: legislativo, executivo e xudicial.


O Estado **exerce estas funcións a través das INSTITUCIÓNs**.

Poder	Institución que o exerce	Que fai
Legislativo	O Parlamento (Cortes Xerais)	Fai e aproba as leis
Executivo	O Goberno	Aplica as leis e dirixe o país
Xudicial	Os Tribunais e xuíces	Xulgan e fan cumprir as leis

Estados fallidos:

<https://youtu.be/MBm55l6zVOY>

FUNCIÓNS DO ESTADO



AS INSTITUCIÓN S POLITICAS

Os estados exercen as súas funcións e poderes a través das institucións. As principais institucións políticas son:

- O **Parlamento** → crea as leis (**poder lexislativo**).
- O **Goberno** → aplica as leis (**poder executivo**).
- Os **Tribunais** → fan cumprir as leis (**poder xudicial**).

Tamén forman parte do Estado outras institucións, como:

- A **Xefatura do Estado** (o Rei, no caso de España).
- Os **corpos de seguridade**, o **Exército**, as **administracións autonómicas e locais**, etc.

Modelos de organización territorial

As institucións dun Estado poden ter competencias en todo o territorio ou tamén poden delegar algunhas funcións a órganos rexionais ou locais. Segundo este reparto de funcións podemos falar de:

1. Estados centralizados: a administración central ten tódalas competencias (ou a maior parte).

Ex: Francia

2. Estados descentralizados: a administración central ten autoridade en todo o territorio pero algunhas competencias son propias dos poderes rexionais.

Ex: España. Galicia ten un goberno e institucións propias como o parlamento, con capacidade lexislativa.

Ex: EEUU. Cada estado ten o seu propio goberno, leis etc.

FORMAS DE GOBERNO

- Nas últimas décadas, a forma de goberno máis extendida foi a DEMOCRACIA.
- Sen embargo algunhas son débiles e presentan trazos autoritarios: DEMOCRACIAS HÍBRIDAS (ou falsas democracias).
- En moitas partes do mundo estan baixo réximes non democráticos: DITADURAS.

A diferenza entre os países democráticos e os non democráticos atópase na resposta á pregunta:

onde reside a soberanía?

*Se a resposta é que **no pobo**, e son os **cidadáns**, a través do seu voto, quen elixen libremente aos seus representantes políticos, fálase dun **sistema democrático**.*

*Cando esa liberdade se ve reducida, entran en xogo os **sistemas autoritarios**, que **limitan as liberdades públicas** dos seus cidadáns, e as **ditaduras**, nas que esas liberdades **practicamente desaparecen**.*